

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL PONTEAREAS

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *MODIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN DA TAXA POR PREZO PÚBLICO E OUTROS NA ORDENANZA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL*

#### A N U N C I O

A Corporación Municipal en Pleno levado a cabo o día 19 de xullo de 2016, acordou:

1º) Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público da Escola Infantil de conformidade coa proposta da Concelleira do 6 de xuño de 2016 e coa corrección de erros descritos na exposición da citada Concelleira.

2º) A presente modificación da ordenanza terá efecto a partires do día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Polo tanto o texto da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo da Escola Infantil Municipal, resultante das modificacións aprobadas, queda do seguinte xeito:

#### **“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS”**

##### **ARTIGO 1.—CONCEPTO**

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 141 ámbolos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, así mesmo conforme ao Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, este Concello establece o prezo público por prestación do servizo público Escola Infantil Municipal, especificando as tarifas no artigo 5, que se rexerán polo presente texto normativo.

##### **ARTIGO 2.—SERVIZOS QUE GRAVA O PREZO PÚBLICO**

O prezo público que regula a presente ordenanza esíxese pola utilización do servizo da escola infantil municipal do Concello de Pontearreas, e por cada unha das prestacións que se contemplan no artigo 5.



**ARTIGO 3.—OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo os/as pais/nais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

**ARTIGO 4.—CRITERIOS E VARIABLES PARA A DETERMINACIÓN DO PREZO A PAGAR**

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados na presente Ordenanza, teranse en conta as seguintes especificacións.

1.—A renda per cápita mensual da unidade familiar, que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentemento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) A renda serán os ingresos totais da unidade familiar do exercicio anterior a aquel en que dea comezo no que se pretenda que produza efectos. Se calculará como a suma das rendas de cada membro da unidade, e para elo se terán en conta a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración do IRPF correspondente.

Polo tanto os ingresos totais anuais, se acreditarán mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaración do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaración do IRPF.

c) A renda per cápita anual calcúlase dividindo os ingresos totais polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente o seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe por doce.



**ARTIGO 5.—IMPORTE DO PREZO PÚBLICO**

As tarifas do prezo público para cada prestación e segundo os niveis de renda, son os que se expoñen de seguido:

**1.—Atención educativa:**

- O prezo pola atención educativa en xornada completa na escola infantil 0-3 dependente do Concello de Pontearreas fíxase en 164,01 € mensuais.
- Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, os prezos aplicaranse son os que se especifican no seguinte cadro:

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Xornada Completa (€)
Inferiores ao 30% IPREM	0,00
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	0,00
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	33,83
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	67,65
Entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	108,65
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	129,16
Entre o 150% e o 200% IPREM	142,49
Superiores ao 200% IPREM	164,01

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza de en réxime de media xornada, o prezo pola atención educativa reducirase nun cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

Enténdese por xornada completa continuada aquela que se desenvolve desde primeiras horas da mañá, abrangue as horas centrais da actividade escolar e inclúe servizo de comedor e sesta.

**2.—Servizos complementarios****2.1 Servizo de comedor**

Renda per cápita mensual da unidade familiar	Xantar	Merenda
Inferiores ao 30% IPREM	0,00	20,50
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	16,91	20,50
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	16,91	20,50
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	25,63	20,50
Entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	35,88	20,50
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	51,25	20,50
Entre o 150% e o 200% IPREM	61,50	20,50
Superiores ao 200% IPREM	71,76	20,50



No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,10 € polo xantar por día e neno/a, e 1,5 € pola merenda por día e neno/a.

## 2.2 Horario ampliado

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20,50 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

## 3.—Descontos sobre os prezos iniciais

a) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre sí:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- Cando asistan ao centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección as familias numerosas; esta acreditación deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente título de familia numerosa.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmete de non coincidir coas circunstancias da data do devengo da declaración do IRPF.

b) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia... etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

## 4.—Exencións de pagamento

a) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.



b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

#### ARTIGO 6.—SUSPENSIÓN TEMPORAL DO PAGAMENTO

A inasistencia do/a usuario/a durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha, nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:

Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar o prezo correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

O mes de vacacións anual da/o nena/o.

Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos casos a suspensión realizarase de oficio.

Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 3 non terán a obriga de aboar o prezo cando, por causa debidamente xustificada, a nena ou neno deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro, e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación ao centro.

Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse na dirección da Escola Infantil, que resolverá sobre a procedencia da exención.

Nos supostos de solicitudes formuladas fóra de prazo por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, o aboamento do prezo será dende o mes en que se lle concede a praza.

Nestes casos o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación.



**ARTIGO 7.—REVISIÓN DOS PREZOS****a) VARIACIÓN INTERANUAL DO IPC**

Os prezos públicos establecidos no artigo 5 actualizaranse cada curso escolar en función da variación interanual experimentada polo IPC para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal se modificará o cadro de prezos desta ordenanza.

**b) ALTERACIÓN DAS VARIABLES DE CÁLCULO DO IMPORTE**

O importe a pagar polos usuarios do servizo poderá modificarse ao longo do curso cando varíen as circunstancias familiares ou económicas, xa que éstas inflúen sobre o cálculo do prezo final e os descontos aplicables.

As variacións de máis do 20% das rendas do traballo ou de actividades económicas ou empresariais da unidade familiar respecto aos declarados na solicitude de praza, cando éstas se manteñan como mínimo por un período de 6 meses consecutivos, xustificadas debidamente pola declaración do IRPF, certificación de desemprego ou calquera outro documento que acredite suficientemente esta circunstancia.

A variación no número de membros da unidade familiar.

**ARTIGO 8.—RÉXIME DE PAGAMENTO E XESTIÓN**

a) Mensualmente elaborárase pola administración do centro unha lista cobratoria, que será aprobada polo Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado.

b) O pagamento da cota será no mes seguinte á prestación do servizo en canto aos recibos domiciliados polo titular, mentres que os recibos non domiciliados deberán ser ingresados na Tesourería municipal a través de carta de pago expedida polo departamento de Rendas municipal durante os primeiros dez días do mes corrente.

c) No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

d) Salvo o disposto no artigo 6 desta ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.



e) A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinarán a baixa automática no centro, previo informe da traballadora social que indique que non é por motivos económicos e seralles comunicada mediante Resolución do Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, con independencia de que se prosiga o seu cobro mediante o oportuno procedemento.

f) As débedas por prezos públicos esixíranse pola administración municipal en período voluntario ou mediante procedemento de prema a través dos servizos de recadación da Deputación (ORAL) se transcorrido o prazo de pago en período voluntario estas non se satisfixeron e en base ao convenio de delegación vixente en materia de xestión de recursos locais.

g) Os usuarios ou beneficiarios do servizo que tivesen débedas pendentes por este concepto, non poderán matricularse nin formular reserva de praza nun novo curso.

#### *Disposición derradeira*

A presente Ordenanza terá efecto a partir do día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. Queda derogada a normativa anterior referida á taxa por Garderías Infantís e as posteriores modificacións publicadas.

Ponteareas, 26 de xullo de 2016.—O Alcalde, Xosé Represas Giráldez.

